

# OLA ~ ADEUS

## OS CONTRARIOS NUN ÁLBUM MÁXICO

Texto e ilustracións de DELPHINE CHEDRU

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. Lomo de tela. 23,5 x 28,5 cm. 48 páx. 16 €.

Contén filtros de cores.

**Ola ~ adeus. Os contrarios nun álbum máxico** (galego)

ISBN 978-84-8464-937-3. Fóra de colección.

**Hola ~ adiós. Los contrarios en un álbum mágico** (castelán)

ISBN 978-84-8464-936-6. Libros para soñar.

**Hola ~ adéu. Els contraris en un àlbum màgic** (catalán)

ISBN 978-84-8464-938-0. Llibres per a somniar.

**Olá ~ adeus. Os opostos num álbum máxico** (portugués)

ISBN 978-989-749-046-0. Livros para sonhar.

*Pequeno ~ Grande*

*Seco ~ Mollado*

*Inverno ~ Verán*

“Ola ~ adeus” é un libro interactivo que invita a xogar cunha vintena de palabras e cos seus antónimos.

Está recomendado para nenos e nenas a partir de 3 anos que, coa axuda dun marco bicolor que contén un filtro óptico azul e outro vermello, permite descubrir a imaxe que lle corresponde á definición que figura na páxina contigua.


O máxico e sorprendente desta obra é que en cada ilustración atópanse -unidas e fundidas, aínda que diferenciadas pola forma e pola cor- un concepto e o seu contrario. Para ver aparecer a noite e despois o día, ou a cidade primeiro e logo o campo, ou nocións como cerca e lonxe, abonda con mirar a mesma imaxe: unha vez a través do filtro azul e outra a través do filtro vermello.

Os contrarios son un tema recorrente na aprendizaxe dos pre-lectores e dos primeiros lectores, para a ampliación de vocabulario. Tamaños, lugares, ideas, momentos, emocións e outros fundamentos -tanto substantivos como adxectivos ou adverbios- están presentes nas súas páxinas.

Trátase dunha proposta orixinal e enxeñosa, formulada nun ton lúdico, con sentido do humor e cun deseño atractivo.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** antónimos, conceptos contrarios.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** aprendizaxe de vocabulario; xogo con palabras e imaxes; educación visual e educación estética; libro interactivo.

### Delphine Chedru

Estudou Artes Decorativas en Estrasburgo. Actualmente reside en París, onde traballa como deseñadora freelance. É entusiasta das historias divertidas e cheas de colorido.

